

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de novembro de 2017

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez

D. Carlos López Font

M^a José Caride Estévez

D. Cayetano Rodríguez Escudero.

D^a. Olga Alonso Suárez

D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

D. Jaime Aneiros Pereira.

D^a M^a. Carmen Silva Rego

D. David Regades Fernández

D. Angel Rivas González.

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1247).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA. .

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(1248).- SOLICITUDE DE AXUDA DESTINADA A CONCELLOS DE GALICIA PARA A REPOSICIÓN DA SINALÉCTICA TURÍSTICA AFECTADA POLOS INCENDIOS, AO ABEIRO DA ORDE CONXUNTA DO 27/10/2017, DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 13039/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 22/11/17, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

I.-ANTECEDENTES

1.- O Decreto 102/2017, do 10 de outubro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, regula as medidas urxentes de

axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro de 2017 (DOG 20/10/2017).

2.- O referido Decreto foi desenvolvido pola Orde conxunta do 27 de outubro de 2017, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, que establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017 (DOG 30/10/2017).

3.- O Concello de Medio: Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en colaboración coa Mancomunidade de Montes de Vigo, veu desenvolvendo nos últimos anos diversos sendeiros locais por camiños públicos e sendas existente nos montes de Vigo co obxecto de divulgar os valores medioambientais, patrimonio cultural, e coa finalidade de sensibilización medioambiental, desenvolvemento turístico e de ocupación do tempo de lecer da cidadanía en xeral. Tamén coa promoción do sendeiro de longo recorrido, GR 53, que percorría os montes de Vigo.

4.- Con motivo da vaga de incendios producidos nos montes de Vigo os pasados días 15 e 16 de outubro de 2017, a sinalética destes sendeiros resultou afectada en grande medida.

5.- A citada sinalética, responde, entre outros fins, á divulgación turística entre a poboación dos valores medioambientais, patrimoniais dos montes de Vigo e do seu entorno.

6.- A citada Orde contempla no seu artigo 13 a convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a concellos de Galicia para a reposición da sinalización turística afectados polos incendios. Código de procedemento administrativo TU100 A.

7.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, por delegación do alcalde de data 19 de xuño de 2018 (BOP 14/07/2017), en data 22/11/2017, acordou iniciar procedemento administración para que o Concello de Vigo formule a mencionada solicitude de axuda.

II.- MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Servizo Municipal de Medio Ambiente redactou en novembro de 2017 memoria xustificativa de valoración de danos producidos polos incendios forestais do día 15 e 16 de outubro de 2017 na sinalética dos sendeiros turísticos municipais para a divulgación de valores medioambientais e de patrimonio natural e cultural que transcorren polos montes de Vigo.

A devandita memoria reflicte os danos causados na sinalética dos sendeiros locais de Matamá-Comesaña, Zamáns, Coruxo, Valadares e na Senda Panorámica de Vigo (GR 53), instalada polo Concello de Vigo en colaboración coas comunidades de montes, e o custe da reposición da referida sinalética.

A memoria xustificativa describe de forma pormenorizada o trazado dos sendeiros locais, a sinalética instalada, a sinalética queimada e o custe da súa reposición que se pode concretar en:

Sendeiro	Custe da sinalética sendeiro (c/ive)	% do trazado do sendeiro afectado	Valoración da sinalética destruída	Custe estimado da retirada da sinalética destruída	TOTAL VALORACIÓN DANOS PRODUCIDOS
1.- SL de Matamá-Comesaña	5.500,00	86,6%	4.763,00	953,00	5.716,00
2.- SL de Zamáns	2.100,00	33,3%	699,30	140,00	839,30
3.- SL de Coruxo	4.515,00	76%	3.431,40	686,00	4.117,40
4.- SL de Valadares	2.500,00	94%	2.350,00	470,00	2.820,00
5.- S. Panorámica Vigo (GR-53)			9.500,00	1.900,00	11.400,00
TOTAL					24.892,70€

III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 25.2., apartados a), b), l), h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “patrimonio histórico”, “medio ambiente urbano”, “residuos”, “salubridade pública”, “ocupación do tempo de lecer” e “turismo”

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, planificación política medioambiental, proxecto municipio turístico sostible, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, velar polo mantemento dos carreiros que transcorren polo termo municipal.

No ámbito deste marco competencia municipal: medioambiental, patrimonio cultural, turístico e ocupación do tempo de lecer e, en especial, do atribuído á Area de Medio Ambiente, esta concellería levou a cabo, en virtude de convenios de colaboración coa Mancomunidade de Montes de Vigo, levou a cabo unha rede de sendeiros polos montes de Vigo, que transcorrida vías, camiños e sendas existentes de uso público do termo municipal, maioritariamente dentro do ámbito dos montes veciñais en man común das parroquias de Matamá, Comesaña, Zamáns, Coruxo e Valadares.

Estas sendas tratan divulgar os valores medioambientais, patrimonio cultural, e coa finalidade de sensibilización medioambiental, desenvolvemento turístico e de ocupación do tempo de lecer da cidadanía en xeral.

A memoria xustificativa redacta polo Servizo de Medio Ambiente, describe a sinalectiva destes sendeiros afectados polos incendios padecidos os días 15 e 16 de outubro nos montes de Vigo.

A citada sinaléctica, responde, entre outros fins, á divulgación turística entre a poboación dos valores medioambientais, patrimoniais dos montes de Vigo e do seu entorno.

A Orde conxunta do 27 de outubro de 2017, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medias urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.

O artigo 13 da citada Orde regula a convocatoria de axudas en réxime de concorrencia non competitiva destinadas a concellos de Galicia para reposición da sinaléctica turística afectada polos incendios.

Os gastos de reposición da citada sinaléctica afectada polos incendios na rede de sendeiros municipais encadrarían dentro dos gastos subvencionables regulados no artigo 13 da referida Orde, xa que esta sinaléctica responde, entre outros fins, á divulgación turística entre a poboación dos valores medioambientais, patrimoniais dos montes de Vigo e do seu entorno.

A contía da axuda podería acadar a totalidade do investimento da reparación da sinaléctica cun límite máximo de 20.000 euros, dispoñendo o Servizo de Medio Ambiente dentro do seu orzamento ordinario de gasto para facer fronte, no seu caso, o gasto non subvencionables e que haberá que determinar no momento procedimental oportuno a través da oportuna fiscalización, no seu caso.

O prazo para solicitar a axuda remata o 30 de novembro de 2017, e require acordo do órgano competente da entidade local acordando solicitar a subvención e aceptando a totalidade das condicións establecidos na Orde.

Polo exposto, en virtude das competencias delegadas polo alcalde na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución do 19/05/2015 (BOP 14/07/2015), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- ACORDAR solicitar a axuda en réxime de concorrencia non competitiva destinada a concellos de Galicia para a reposición da sinaléctica turística afectada polos incendios, prevista no artigo 13 da Orde conxunta do 27 de outubro de 2017, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia (DOG 30/10/2017), conforme “A memoria xustificativa de valoración de danos producidos polos incendios forestais do día 15 e 16 de outubro de 2017 na sinaléctica dos sendeiros turísticos municipais divulgativos de valores medioambientais no Concello de Vigo”, redactada polo xefe do servizo de Medio Ambiente e conformada pola Concelleira Delegada de Área mediante sinatura electrónica en data do 22/11/2017, para a totalidade do gasto que se contempla na referida memoria, aceptando a totalidade das condicións establecidos na mencionada Orde respecto da axuda que se solicita.

SEGUNDO.- FACULTAR á concelleira delegada de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, Dona María Jesús Lago Rey, provista do DNI *****020X, para que asine cantos documentos sexan precisos para formular a referida petición e, tamén, para recabar calquera outro informe o documento preciso co obxecto de formular o completar aquela.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1249).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA RECUPERAR E POR EN VALOR A EDIFICACIÓN COÑECIDA CONO “VILLA SOLITA”, SITA FRONTE O Nº 22 DO CÑO. DO FREIXEIRO EN ALCABRE. EXPTE. 8712/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 26/10/17, e o informe de fiscalización do 20/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/11/17, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orden a afondar na colaboración administrativa entre ámbalas dúas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan, actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, os dirixidos a potenciar a participación da sociedade no fomento da cultura, ao tempo que facilite a ampliación da oferta local e a mellora da rede das súas infraestruturas, dándolle prioridade ás actuacións para equipamentos culturais, programas e actividades de fomento da cultura e ás accións de atracción das actividades culturais.

SEGUNDO.- En data 19/10/2016, a Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico, tendo en conta o estado deteriorado no que se atopaba o inmovible e área anexa da coñecida como Villa Solita, situada en Alcabre e de propiedade municipal, procedeu á contratación do seu Plan de recuperación e posta en valor a prol da empresa PROYECTOPIA, S.L.. A mesma presentou proxecto asinado polo arquitecto Víctor Hermo Sánchez, en decembro de 2016, que consiste en *convertir a ruína nun lugar visitable e accesible, poñendo en valor a ruína en sí e dotándoa de accesibilidade e e adecuación para uso como espazo público visitable e salón urbano.*

TERCEIRO.- En data 19/09/2017, a Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, dun convenio para a realización de para recuperar e por en valor a edificación coñecida como “Villa Solita”, sita fronte ó núm. 22 do camiño do Freixeiro en Alcabre.

CUARTO.- A xefa de servizo de Patrimonio Histórico, co conforme da Concelleira delegada da Área, á vista do protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas en infraestruturas viais e dotacións, asinado o 20.11.2015, redacta “*Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diputación provincial de Pontevedra para recuperar e por en valor a edificación coñecida como “Villa Solita”*”, xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para a financiación da execución das obras.

QUINTO.- En data 26/10/2017, a Xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial emite informe xurídico concluíndo que “non existe inconvinte legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para **RECUPERAR E POR EN VALOR A EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA”, SITA FRONTE Ó NÚM. 22 DO CAMIÑO DO FREIXEIRO EN ALCABRE”**”.

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

–Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos.

–Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

–Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.

–Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

–Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo.

–Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

–RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).

–Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

–Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

–RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións.

–Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

–Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia

–Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2017

II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 6 Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXAPPAC), sinalando o apartado segundo do mesmo o contido propio dos instrumentos de formalización dos convenios, así como 194 e 195 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

En canto ó seu contido, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

Trataríase de converter a ruína nun lugar visitable e accesible, poñendo en valor a ruína en sí e dotándoa de accesibilidade e e adecuación para uso como espazo público visitable e salón urbano.

As necesidades-obxectivos concretos serían as seguintes:

- solucionar o impacto negativo da ruína sobre os espazos públicos e privados inmediatos.
- protexer á construción fronte ás filtracións de auga, desmontaxe parcial das solucións construtivas e degradacións dos materiais.
- asegurar a estrutura en deterioro para evitar riscos e permitir o acceso seguro de visitantes
- dotar de accesibilidade á ruína e ó contorno.
- contextualizar a edificación mediante a incorporación de elementos informativos de baixo impacto sobre a ruína.
- incorporar instalacións e servizos mínimos para adecuar a ruína a usos públicos de baixo impacto como lugar de encontro de interese.

III.- Procedemento e competencia.

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

O artigo 25. 2. letras “a” e “m” da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada pola lei 27/2013, atribúe ás Administracións municipais competencia en materia de protección e xestión do Patrimonio Histórico e promoción da cultura e equipamentos culturais.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

IV.- Unha vez executadas as obras previstas, o mantemento, segundo establece o texto do Convenio, corresponderalle ao Concello de Vigo. O gasto futuro de mantemento, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, de acordo ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, sen que supoña desequilibrio orzamentario por ser factible a realización do mesmo coas aplicacións orzamentarias do orzamento vixente, xa que se realizará ben a través de medios propios ou

a través do contrato de mantemento e conservación deas zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo.

En concreto solicitouse unha valoración económica á empresa encargada do contrato de mantemento e conservación dependente deste servizo (exp. 7889-307), segundo contrato asinado o 24/11/2016, que se acompaña a este expediente e que eleva a cantidade a 808,20 euros o custe de mantemento anual da zona coñecida como Finca Solita.

O referido contrato ten unha duración de dous anos, con dúas prórrogas dun ano cada unha, polo que o mantemento do ano 2018 xa está incluído no orzamento municipal, e o dos anos posteriores realizarase con cargo ás prórrogas referidas, ou ben os gastos serán asumidos directamente pola bolsa de vinculación xurídica dos créditos 21 que figura nos orzamentos do servizo de Patrimonio Histórico.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para o financiamento das obras de recuperación e posta en valor das ruínas de Villa Solita, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a execución de obras de recuperación e posta en valor das ruínas de Villa Solita.

Terceiro.- Comprometerse a realizar un gasto máximo de 22.000 euros, en concepto de dirección facultativa e control de seguridade e saúde das obras de recuperación e posta en valor das ruínas de Villa Solita.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DAS RUÍNAS DE VILLA SOLITA

En _____, ____ de _____ de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde - Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, os de preservación do patrimonio e promoción da cultura e, concretamente, actuacións en equipamentos culturais.

III.- Que no devandito protocolo de colaboración se convén que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

IV.- Que, o inmovible actualmente denominado "Villa Solita", coñecido durante anos como "Finca Cabrera" ou "Finca da Señorita Nena", é unha construción cun alto valor histórico-patrimonial de finais do século XIX. No Plan Xeral de Ordenación Urbana do ano 1993 a finca recalificouse como edificable ao 50% sendo cedida a parte da ruína ao Concello de Vigo para establecer un novo uso como centro socio-comunitario; se ben, na actualidade, atópase valada froito dunha

intervención do Concello para ralentizar o seu deterioro. Pese a esta solución temporal, a súa degradación continúa e impide o acceso seguro a veciños e visitantes.

V.- Dada a situación actual do inmovible, o Concello de Vigo vese na necesidade de intervir para preservar ese patrimonio e recuperar o seu valor identitario realizando toda unha serie de actuacións que permitan a corrección de patoloxías, a consolidación e a accesibilidade da edificación.

VI.- Que a conservación e rehabilitación da edificación e promoción da cultura e equipamentos culturais se atopan entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.a e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos nos artigos 80.2.e e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do protocolo de colaboración arriba referido, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de promoción da cultura, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, á vista da importancia que para a cidade de Vigo e a súa zona de influencia ten esta infraestrutura a nivel patrimonial, histórico e cultural, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a financiamento das obras de recuperación e posta en valor das ruínas de Villa Solita.

SEGUNDO.- FINANCIAMENTO

O custe total da actuación (con IVE) incluíndo os custes estimados asociados á obra (redacción do proxecto, asistencia técnica á dirección da obra, coordinación de seguridade e saúde) ascenden a trescentos dezaioito mil novecentos cincuenta e dous euros con noventa centimos (318.952,90 euros).

Deste importe, a Deputación Provincial financiará o importe de douscentos setenta e sete mil euros (277.000,00 euros), contra a aplicación 2017/942.9420.762.14 do vixente orzamento provincial.

Pola súa banda, o Concello de Vigo asume o financiamento dos custos de redacción do proxecto por un importe máximo de 19.952,90 euros, con cargo á anualidade 2016 e contra a aplicación orzamentaria 3360.6890000, e así mesmo asumirá os gastos necesarios para a dirección facultativa e o control de seguridade e saúde ata un importe máximo de 22.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3360.2270601 na anualidade do exercicio 2018.

TERCEIRO: EXECUCIÓN DO CONVENIO.

1º.- A execución dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo serán desenvoltos nas anualidades 2017 e 2018. Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2º.- Aprobado o proxecto de obra, o Concello de Vigo remitirao á Deputación Provincial.

A Deputación Provincial someterá o proxecto de obra obxecto deste convenio á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderano someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas no mesmo.

3º.- Formalizado o contrato de obras para a execución do proxecto a que se refire o anterior parágrafo, remitirase copia do mesmo á Deputación Provincial e comunicarse a esta a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4º.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e certificación das resolucións do órgano competente aprobatorias da recepción das obras executadas e da certificación final das mesmas. Se desta ultima certificación final de obras resultase cantidade a pagar ao contratista, a Deputación provincial deberá reembolsar a dita cantidade ao Concello de Vigo, sempre dentro da contía máxima que se define no pacto segundo.

5º.- Formalizado o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección da obra, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir que deberán ser reembolsados a Administración municipal.

6º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PAGAMENTO.

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas nos proxectos técnicos e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado mediante transferencia bancaria, unha vez presentada por parte do Concello a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copia compulsada da/s factura/s expedida/s polas empresas adxudicatarias dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitira unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificación ou acto de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución da obra por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo

QUINTA.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, e que obriguen a unha modificación do proxecto, ou de se producir un incremento da cantidade estipulada no convenio haberá de contar coa autorización previa e expresa do Concello e da Deputación Provincial de Pontevedra e se financiará na proporción que determine a Comisión de seguimento.

Non obstante, de se producir unha baixa de adxudicación, esta poderá ser aplicada a garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato até o límite fixado nos Pregos de Cláusulas Administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de Seguimento.

As modificacións que se fagan, sempre dentro do importe definitivo que corresponda, deberán dar lugar á tramitación de addendas ao convenio.

No caso de que o proxecto licitado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente do mesmo, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Contratar a redacción do proxecto das obras obxecto do convenio e a aprobación do mesmo, debendo constar un exemplar do proxecto aprobado na Deputación Provincial.
- Contratar a súa execución e a dirección das obras.
- Remitir, unha vez formalizados os contratos correspondentes, unha copia destes á Deputación Provincial.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Licitar, executar, controlar e recibir a obra consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras executadas se levaron a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Levar a cabo o mantemento e conservación do inmovible obxecto do convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a realización das obras, achegando a contía máxima de 277.000,00 euros, de conformidade co disposto no pacto segundo.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento das ditas actuacións pola Administración Provincial.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a recuperación e posta en valor de Villa Solita.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO: COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada

NOVENO: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire

- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas

- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

- A emisión informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.

- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros,. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións

DÉCIMO: VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata o total execución dos contratos a que o mesmo se refire, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar os catro anos, contados desde a súa sinatura.

DÉCIMO PRIMEIRO: EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO SEGUNDO: RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1250).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE EMPRESARIAL ADIF-ALTA VELOCIDADE, PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS E NOVA VIALIDADE URBANA DO ENTORNO DA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO. EXPTE. 323/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 16/11/17, asinado polo xefe dos Servizos Centrais e o xerente, ambos da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

Con data 8.11.2017 a Vicepresidente desta Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu:

“PRIMEIRO: Incoar o expediente para a tramitación do convenio de colaboración negociado, a asinar entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial ADIF- Alta velocidade, coa finalidade de establecer e concretar o réxime de colaboración entre ditas entidades, para a execución e financiamento das obras relativas aos accesos viarios rodados, dende a Autoestrada AP-9 e a Rúa Lepanto a futura estación Intermodal nesta cidade de Vigo.

SEGUNDO: Encomendar á oficina de Planeamento e Xestión conxuntamente coa oficina de Servizos Centrais e coa colaboración dos restantes departamentos desta XMU, a elaboración dos informes e da memoria xustificativa necesaria para a tramitación do dito expediente.

TERCEIRO: Dar conta da presente Resolución ao Consello da XMU para o exercicio das competencias de control que estatutariamente lle corresponden”.

De dita resolución se deu conta ó Consello da Xerencia, en sesión ordinaria do día 9.11.2017.

O texto do convenio, consensuado coas entidades implicadas, é obxecto de informe xurídico por parte da técnica de administración xeral de Planeamento-Xestión e do Secretario Xeral do Pleno e desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Incorpórase tamén ó expediente, en cumprimento do disposto polo artigo 50.1 da Lei 40/2015, memoria asinada pola citada técnica de administración xeral e o xefe dos Servizos Centrais, comprensiva de:

- Análise da necesidade e oportunidade da subscrición de dito convenio.
- Impacto económico.
- Carácter non contractual da actividade paccional a subscribir.

Dado o carácter plurianual dos gastos previstos é de aplicación o previsto polo artigo 174.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo), debéndose elevar as porcentaxes establecidas no seu apartado 3, de forma que posibiliten as actuacións que a continuación se describen e cuantifican.

O Convenio contempla as seguintes actuacións:

- 1) Conexión da cidade coa autoestrada AP-9, a través dun túnel na rúa Lepanto (que substitúe o paso elevado sobre a rúa Alfonso XIII), un viario polo interior da estación de autobuses e un viario en superficie que conecta coa autoestrada.
- 2) Acceso e saída directa desde o tronco da AP-9 do tráfico da estación de autobuses.
- 3) Acceso e saída directa desde a AP-9 do tráfico para o edificio conxunto da estación de FF.CC. e do Centro VIALIA.

En relación con estas actuacións, o Concello asume a obriga de contratar a execución das seguintes obras:

- 1) Construción da Conexión Túnel Lepanto (2.586.310,00 euros).
- 2) Demolición do paso elevado da rúa Alfonso XIII (865.836,00 euros).
- 3) Instalacións e balizamentos (846.382,00 euros).

Ditas obras financiaranse nas anualidades 2018, 2019 e 2020 coa seguinte distribución e reflexo no Orzamento do Concello de Vigo:

Anualidade	ESTADO DE GASTOS (capítulo 6)	ESTADO DE INGRESOS (capítulo 7)	ACHEGA NETA DO CONCELLO
2018	346.629,12 €	20.000,00 €	326.629,12 €
2019	2.048.055,50 €	1.050.000,00 €	998.055,50 €
2020	1.903.843,38 €	905.788,00 €	998.055,38 €
TOTAL =	4.298.528,00 €	1.975.788,00 €	2.322.740,00 €

De conformidade coa normativa vixente e co previsto pola base 40ª das de execución orzamentaria, o convenio será suscrito polo Alcalde-Presidente. Previo informe de fiscalización, pola súa transcendencia económica, o texto deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da Xerencia.

2.- Proposta.

De conformidade co antedito, propónse ó Consello da Xerencia que propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º) Aprobar o texto do convenio, que figura como anexo a esta proposta, co seguinte título: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DE LA XUNTA DE GALICIA, EL CONCELLO DE VIGO Y LA ENTIDAD EMPRESARIAL ADIF-ALTA VELOCIDAD, PARA LA EJECUCION DE LAS OBRAS DE LOS ACCESOS Y NUEVA VIALIDAD URBANA DEL ENTORNO DE LA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”.

2º) Exceptuar a aplicación das porcentaxes establecidas polo artigo 174.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, elevándoas de forma que permita a contemplar nos orzamentos futuros 2018, 2019 e 2020 as seguintes consignacións máximas:

Anualidade	ESTADO DE GASTOS (capítulo 6)	ESTADO DE INGRESOS (capítulo 7)	ACHEGA NETA DO CONCELLO
2018	346.629,12 €	20.000,00 €	326.629,12 €
2019	2.048.055,50 €	1.050.000,00 €	998.055,50 €
2020	1.903.843,38 €	905.788,00 €	998.055,38 €
TOTAL =	4.298.528,00 €	1.975.788,00 €	2.322.740,00 €

ANEXO :

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DE LA XUNTA DE GALICIA, EL CONCELLO DE VIGO Y LA ENTIDAD EMPRESARIAL ADIF-ALTA VELOCIDAD, PARA LA EJECUCION DE LAS OBRAS DE LOS ACCESOS Y NUEVA VIALIDAD URBANA DEL ENTORNO DE LA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO.

Ena de 2017

